

MEMORIA DE XESTIÓN 2004

Señoras e señores claustrais:

Ao presentarles a **Memoria de 2004**, quixera expoñer, xunto coas cuestións máis salientables do ano na xestión da nosa Universidade, algunhas reflexións que complementen a radiografía implícita na presentación dun informe anual, aínda que a súa presentación, por razóns de distinta índole, se delongase no tempo máis do desexable.

Antes de entrar en materia, deixo constancia do meu saúdo de benvida ao profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos do **INEF**, que no comezo do ano se incorporaron á Universidade da Coruña como centro propio, logo de varios anos funcionando como centro adscrito. Máis alá dos escollos propios dun proceso de integración sempre complexo, coido que a súa incorporación como centro número 22 enriquece a nosa oferta docente e científica.

Non me vou referir aquí polo miúdo á completa información das accións emprendidas en 2004 e a todos os datos do ano, posto que xa dispoñen vostedes deles no sitio institucional da Universidade na Rede. Pero si que quixera artellar a miña comparecencia de hoxe sobre un feixe de acontecementos do ano de indubidable transcendencia para a futuro da nosa institución.

En primeiro lugar: 2004 foi o ano do cambio. Co apoio da comunidade universitaria, asumín en xaneiro a honrosa responsabilidade de dirixir a Universidade da Coruña e de comezar unha nova etapa que quixemos –e coido que o logramos– que desde o primeiro día se distinguise por un novo estilo e un afán decidido por

cumprir o programa electoral co que eu e o meu equipo nos presentamos ás eleccións. Neste punto, e antes de referirme a outros asuntos, consten os meus parabéns para todos pola madurez e a colaboración para posibilitar un relevo tranquilo, tanto nos órganos de goberno persoais e colectivos como na dirección de centros e servizos, dentro da normalidade democrática da que todos participamos.

Foi, en efecto, un ano de renovación interna, pero tamén de normalidade nas relacións con outras institucións. Creo ter evidenciado desde o primeiro día o meu interese por estreitar e reforzar a colaboración institucional e por tomar parte activa en foros de debate ou de decisión, como é o caso do **Foro Mariñán**, nos que a Universidade ten moito que dicir, ben porque nos afectan as cousas a nós, ben porque os nosos posicionamentos ou os nosos criterios lle interesan ao resto da sociedade.

2004 foi o ano da transparencia. Costou rachar coa inercia, pero síntome razoablemente satisfeito polo cambio de estilo impreso á toma de decisións. A transparencia na xestión era o meu primeiro compromiso. Transparencia na regulamentación, na información, nos

concursos ou na toma de decisións. Nunca tanta información estivo ao alcance de todos a traves da web institucional. Abrimos páxinas web de vicerreitorías, de centros e de servizos. Puxemos ao alcance de todos unha morea de documentos para o seu debate e coñecemento. Desde os detalles dos orzamentos, ata a información sobre a actividade docente recollida nos POD elaborados polos departamentos. Desde a información de prensa ata a política de aloxamento universitario. Desde o anteproxecto do CITIC e das aulas de estudo ata as axudas aos colectivos estudiantís. Desde o equipamento e técnicas dispoñibles nos nosos laboratorios ata calquera tipo de concurso de ámbito laboral, e así sucesivamente.

►►► Un exemplo claro da nosa actitude na procura de consensos e da colaboración leal foi o proceso de elaboración de dous orzamentos en poucos meses: o propio de 2004, que se tivera que prorrogar polo proceso electoral e a excesiva demora na miña toma de posesión, e mailo de 2005, elaborado dentro dos prazos normais no último trimestre do exercicio.

A cuestión económica centrou gran parte das nosas enerxías e das nosas iniciativas. Por unha banda, era urxente clarexar a preocupante situación interna; por outra, traballabamos con orzamentos prorrogados e cumpría elaborar os novos. E unha e outra cousa sucedían en plena negociación para **un novo modelo de financiamento do Sistema Universitario Galego**.

A Universidade da Coruña adoptou unha postura moi activa na negociación deste novo modelo de financiamento. De feito, conseguimos que no acordo final, asinado en novembro pola Xunta de Galicia e os tres reitores galegos, se plasmasen as ideas que formulamos. Refírome a cuestións como os fondos de converxencia para garantir a igualdade de oportunidades entre universidades, a estrutura do modelo ou o horizonte temporal.

O anterior sistema de financiamento, esgotado xa no remate de 2003, fora inexplicablemente prorrogado no ano 2004. Tal prórroga afondou nunha indesexable situación de precariedade económica para as universidades do Sistema Universitario Galego, como consecuencia da insuficiencia de recursos e da ausencia dun plano

plurianual que garantise a estabilidade do esquema de financiamento.

Malia que existen aspectos que non nos satisfacen, **no equipo de goberno valoramos moi positivamente o escenario financeiro aberto para o sexenio 2005-10,** porque vemos posibilidades reais de contar cos recursos suficientes e estables para poder encarar asuntos transcendentais neste período. Falo da converxencia no Espazo Europeo de Ensino Superior, da implantación de planos de calidade na docencia e na investigación e de asumir con decisión o papel motor no progreso cultural e científico-tecnolóxico –e, xa que logo, económico– do noso contorno social.

Pero como xa dixen, o transcendental acordo non chegou ata finais de ano. Os apuros do exercicio tivemos que enfrontalos con enorme prudencia e contención. En xuño explicámoslle aos señores e señoras claustrais a situación económico-financeira da Universidade e **as liñas básicas do novo orzamento para 2004.**

Seguimos estes criterios:

- Artellar os mecanismos para facer efectivos os compromisos de estabilización do profesorado.
- Desenvolver proxectos de formación dentro dun proceso gradual e plurianual de adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior.
- Promover a presenza activa da UDC no seu contorno social, cultural e deportivo intensificando a extensión universitaria.
- Desenvolver investimentos reais para actualizar a infraestrutura tecnolóxica e de investigación evitando, na medida do posible, incrementar os gastos correntes futuros.

Cómpre lembrar que decidimos introducir unha estimación realista dos ingresos. Para iso, desbotamos remanentes de tesourería ficticios ou ingresos de improbable realización.

Non é cuestión de repetir hoxe o xa discutido no seu momento, pero hase ter en conta que para depurar as nosas contas tivemos que facer un esforzo no pagamento

de débedas contraídas tanto en 2004 coma en anos anteriores.

Deseguido da miña intervención, o xerente, don Manuel Galdo, explicaralles polo miúdo os aspectos máis importantes da liquidación das contas de 2004.

Un último apuntamento antes de pechar o capítulo económico. Nas liñas de actuación do meu programa de goberno incluíase, en lugar prioritario, a confección dun **Plano Estratéxico**, discutido e consensuado por toda a comunidade universitaria. Pois ben, o 20 de outubro de 2004 o Consello de Goberno aprobou, por unanimidade, o primeiro texto do plano, un documento metodolóxico que abriu o proceso de planificación estratéxica no ámbito da UDC, definiuse unha metodoloxía eficaz e coordinada cos órganos de goberno e determinouse unha secuencia de actuacións para incluír claramente eventos, documentos, prazos, etc.

►► Outro dos importantes acontecementos do ano foi a **aprobación definitiva dos Estatutos**,

atrancados pola cuestión de legalidade formulada pola Xunta de Galicia. Resolveuse o problema mediante negociación e diálogo. Consequimos aprobar por consenso neste Claustro unha redacción da transitoria terceira dos Estatutos. Comprometímonos daquela a crear prazas do máximo nivel para os actuais profesores contratados a tempo completo sen máis condición que ter a acreditación ou habilitación correspondente.

Cumprimos o compromiso electoral de constituír a **Mesa Sindical do Profesorado**, con presenza de todas as organizacións sindicais con representación no sector. Nesta Mesa acordáronse **dúas convocatorias anuais de prazas de contratados** das novas figuras establecidas na LOU. As convocatorias, coas que se principiou a execución da transitoria terceira, realizáronse en xullo e decembro. Creáronse 23 prazas de profesor contratados doutor, 5 de profesor axudante doutor e 11 de profesor colaborador. Fomos os primeiros en Galicia en regularizar a situación dos profesores contratados a tempo completo da antiga LRU.

►► Apostamos por unha Universidade cunha fonda vocación investigadora e plenamente imbricada na función docente. A investigación do futuro, a do competitivo presente, é de calidade ou non é. Emprendemos accións para incrementar a investigación, cualitativa e cuantitativamente, co obxectivo da excelencia investigadora.

Incorporamos máis tecnólogos e investigadores do programa Parga Pondal. Completouse o traslado dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación ao novo edificio de Elviña e puxéronse en marcha **novos laboratorios**, entre eles o único de Galicia para análise de dioxinas e furanos en matrices ambientais e alimentarias. Iniciamos un proceso de redefinición da OTRI, nun ano no que tivemos que redobrar esforzos para executar os **fondos FEDER** do período 2000-2002.

Para aproveitar as enormes vantaxes da información electrónica, incrementouse de xeito espectacular –un 284%– o gasto en monografías, bases de datos e revistas en formato electrónico, mantendo ao mesmo tempo o volume de adquisicións. Incorporamos o mesmo programa de xestión das bibliotecas das outras universidades

galegas e aplicamos unha completa renovación do equipamento informático.

Da vitalidade científica da nosa institución pode dar idea o feito de que a través da Oficina de Cursos e Congresos deuse apoio, económico ou material, á realización de máis de douscentos eventos.

Para camiñar neste modelo de Universidade, baseado na calidade e na excelencia (e abro un paréntese para reseñar os nosos seis primeiros doutoramentos con mención de calidade), non abundan os bos propósitos nin as declaracións máis ou menos solemnes. Cómpre aplicar políticas efectivas nesa dirección. Esta é a razón pola que creamos na nova estrutura de goberno da UDC unha **Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea**. Unimos dous conceptos estreitamente vencellados para enfrontar accións concretas.

Nesta liña vai a constitución dos **grupos de referencia ECTS** e dos 104 **Grupos Departamentais de Calidade** ou a creación do **Centro Virtual de Excelencia**. Co curso 2003-04 rematou o primeiro **Plano Director Docente**. O CUFIE encargouse de deseñar

senllos **Planos de Apoio ao Ensino de Apoio á Aprendizaxe**, moi ben acollidos pola comunidade universitaria. A título de exemplo cómpre lembrar que no de Apoio ao Ensino solicitaron participar 1.264 profesores e poideron asistir finalmente 361.

Innovación e calidade van da man no crecente emprego dos servizos que presta a **Facultade Virtual**, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. Este ano estiveron dispoñibles **285 materias** de primeiro e de segundo ciclo e **31** do terceiro. Xa fixeron uso desta plataforma máis de cinco mil alumnos, mentres imparten materias un total de 289 docentes.

Así mesmo, a cultura da avaliación vaise implantando en todos os ámbitos. **Pechouse o Plano de Avaliación Institucional** co correspondente **Informe Final** e elaborouse un plano bianual para avaliar os servizos.

Tamén propugnamos potenciar o achegamento da investigación ao tecido empresarial do noso contorno socioeconómico. Trasladamos ese compromiso ao máximo rango institucional creando outra vicerreitoría

específica, a de **Relación Universidade-Empresa**, asociada coa xestión do campus de Ferrol. Coa creación da **Cátedra Inditex de Responsabilidade Social Corporativa** comezamos a desenvolver un programa de cátedras de empresa. Para incrementar a nosa presenza en parques tecnolóxicos tomamos unha pequena partida de accións do **Parque Tecnolóxico de Galicia** e a Universidade da Coruña incorporouse ao seu consello de administración.

►► Polo que atinxe ao alumnado, neste primeiro ano de mandato o meu equipo de goberno atendeu algunhas das demandas máis urxentes dos estudantes. No campus da Coruña, cunha importante carencia de infraestruturas axeitadas para o estudo, **abríronse no Centro Universitario de Riazor un total de 444 postos**, que substituíron, cunha notoria mellora na calidade, os 160 habilitados no seu día na Escola Técnica Superior de Náutica.

En materia de transportes, tiña particular interese que se abrise dunha vez por todas o **apeadeiro de Renfe** no campus de Elviña. Evidentemente, os horarios e os

trens que circulan na actualidade non son operativos para os usuarios da Universidade. Mais con todo, ten particular interese para accións futuras a apertura deste apeadeiro, que leva máis alá do papel a opción do tren ou o seu uso combinado para a comunicación co campus. Nesa liña, redactamos diferentes alternativas para o trazado dun vial paralelo ás vías, co obxecto de establecer un punto de conexión directa entre transporte ferroviario e transporte de autobuses.

Presentamos opcións de futuro para o acceso en bicicleta aos dous campus da Coruña e Ferrol e negociamos o máis inmediato coa Compañía de Tranvías para incrementar significativamente a frecuencia horaria dos buses que van a Elviña e á Zapateira.

Todos e cada un dos preto de 25.000 alumnos e alumnas que se matricularon nas ensinanzas regradas e os máis de 1.500 inscritos nos posgraos merecen a nosa atención para responder ás súas expectativas, pero hai un grupo deles con necesidades educativas especiais. Creamos a **Cátedra Fundación María José Jove** e a través dela convocáronse as primeiras 36 bolsas e

facilitáronse intérpretes para estudantes con discapacidades auditivas severas.

Estimulamos e facilitamos o uso das novas tecnoloxías por parte dos alumnos con campañas como a de **Uniporta** e **Uni-wifi** de axuda para mercar ordenadores portátiles e renovando e mellorando nun 40% o equipamento das **Aulas Net**.

Señores claustrais: unha Universidade moderna e sensible non pode ser allea aos problemas dos egresados e egresadas para inserirse no mercado laboral. Somos corresponsables da súa axeitada formación e titulación para responder ás expectativas da sociedade e ás súas demandas. Asinamos 121 convenios para prácticas e **creamos un Observatorio Ocupacional**. No mesmo 2004 xa puidemos presentar os resultados da súa primeira enquisa, con datos ás veces previsibles e outras moitas sorprendentes. Valiosos, en todo caso, para traballar no terreo de contacto entre Universidade e Empresa.

►►► No apartado de infraestruturas, e a maiores dalgunhas cuestións xa mencionadas,

permítanme que lles faga seis destaques sobre a información que figura na Memoria *colgada* na Rede:

- Redeseño do **vial intercampus**, ao que incorporamos beirarrúas e axardinamento.
- Anteproxecto de reorganización do espazo público creando unha praza urbana entre a Vicerreitoría de Ferrol, a Facultade de Humanidades e o Servizo de Extensión Universitaria.
- Revisión do **proxecto do Centro de Documentación e Arquivo** para instalar no seu andar baixo unha aula de estudo de gran capacidade.
- No Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e da Comunicación (**CITIC**), remate do expediente de expropiación e primeiros anteproxectos.
- A partir da documentación achegada polo Ministerio de Facenda comezaron os traballos de redacción da documentación do “**Expediente de Expropiación das parcelas afectadas pola área Residencial Universitaria**”.

- No terreo das infraestruturas tecnolóxicas, cómpre salientar que se abriu a primeira fase do paso da rede da Universidade de ATM a Gigabit. O concurso foille adxudicado a Alcatel cunha oferta que implica dispoñer dunha **rede de capacidade de 10 Gigabits**.

▶▶▶ Non quero deixar de reiterar aquí o noso compromiso cultural. Do mesmo xeito que fomentamos o deporte universitario de base ou estimulamos, con convicción, a cooperación e o voluntariado, estamos decididos a promover **unha política cultural propia** a través das nosas aulas de Teatro, Letras e Cinema e dos nosos servizos de Extensión Universitaria. Pretendemos unha Universidade aberta, receptiva aos intereses non só da propia comunidade universitaria, senón tamén do resto da sociedade.

O noso compromiso reborda declaracións formais e formalistas para adquirir un sentido práctico e útil en asuntos aos que somos sensibles. Este é o caso da normalización lingüística, un terreo no que temos moito

por facer, a curto, medio e longo prazo. Aquí tomamos decisións moi cedo, de xeito que o Consello de Goberno aprobou xa en xullo o primeiro **Regulamento de usos da lingua galega** na Universidade da Coruña.

Vou rematando. O cambio de goberno no Estado, nas eleccións de marzo, ralentizou a toma de decisións en relación coa converxencia europea. Moi en particular, no establecemento do grao e o posgrao como nova estrutura das titulacións. Malia que a Conferencia de Reitores Españoles presentou en xuño un documento sobre a duración dos estudos de grao, o certo foi que rematou o ano sen que se tomasen decisións executivas e claras nese asunto capital para o futuro de todas as universidades e que nos mantén en vilo.

Eu creo no Espazo Europeo e, como reitor, podo dicir, **que a nosa comunidade universitaria cre no proceso de harmonización**. Un proceso complexo, con máis incertezas das desexables, mais que require colaboración, disposición e consenso.

A nosa é unha Universidade nova, con enerxía dabondo para enfrontar a renovación inherente ao Espazo

Europeo de Educación Superior. Defendemos e defenderemos os intereses da Universidade da Coruña en todos os centros de decisión que faga falta, con tanta lealdade e espírito de cooperación como firmeza porque sabemos que, alén das discrepancias normais, todos e cada un dos membros do Claustro e da comunidade de profesores, alumnos e PAS aos que representamos compartimos o orgullo de ser membros da Universidade da Coruña e o afán por estar á altura da responsabilidade que os cidadáns depositan en nós.

Moitas grazas. ◀◀◀

A Coruña, 13 de decembro de 2005